



Resolución do 12 de marzo de 2025, da Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego, pola que se aproba a relación provisional das persoas admitidas e excluídas para participar nas probas de avaliación en competencias clave para acceder á formación dos certificados profesionais dos niveis 2 e 3 de cualificación

Por Resolución do 12 de decembro de 2024, da Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego, convocáronse probas de avaliación en competencias clave para acceder á formación dos certificados profesionais dos niveis 2 e 3 de cualificación (Diario Oficial de Galicia núm. 8 do 14 de xaneiro).

Logo de revisadas as solicitudes de participación e comprobado o cumprimento dos requisitos, de acordo co disposto no artigo 9 da resolución de convocatoria procede aprobar a relación provisional de persoas admitidas e excluídas e publicar na páxina web esta información.

En consecuencia, esta dirección xeral

RESOLVE:

Primeiro. Aprobar a relación provisional de persoas admitidas (anexo I) e de persoas excluídas (anexo II) para participar nas probas de avaliación en competencias clave para acceder á formación dos certificados profesionais dos niveis 2 e 3 de cualificación.

Segundo. Publicar na páxina web da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración <https://conselleriaemprego.xunta.gal/formacion/competencias-clave/convocatoria-probas> a dita relación provisional de persoas admitidas e excluídas indicadas no apartado anterior.

De acordo co disposto no artigo 9.2 da Resolución do 12 de decembro de 2024, as persoas interesadas poderán reclamar contra a relación provisional de persoas admitidas e excluídas, no prazo de catro (4) días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación na citada páxina web.

Tal e como se indica no dito artigo 9.2 as reclamacións realizaranse mediante escrito dirixido ao Instituto Galego das Cualificacións que presentarán por calquera dos medios previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela
A directora xeral de Formación e Cualificación para o Emprego
Zeltia Lado Lago

